

CONCELLO DE ARANGA

ACTA Nº 2021/2

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- TELEMÁTICA, MÉRCORES 24 DE FEBREIRO DE 2021 -

No día de hoxe, ás 13:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

ALBERTO PLATAS ALVAREZ

ASISTEN:

PP

AMPARO RIVAS PENA

DIEGO VAZQUEZ GARCIA

EVA MARIA SANCHEZ BRAÑAS

JOSÉ MIGUEL IGLESIAS ARES

PSOE

MANUEL SANCHEZ CARRO

SANDRA PENA BARBEITO

CARLOS PLATAS ROCHA

RUBEN GARCIA VIDAL

AUSENCIAS:

SECRETARIA:

ANA MARIA OCAMPO PEREZ GOROSTIAGA


Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

O Alcalde, Alberto Platas Álvarez, pregunta se algún membro do pleno municipal quere formular algunha observación ao borrador da acta das sesión anterior que foi previamente distribuído coa convocatoria.

Non presentándose ningunha queda aprobado o borrador da acta da sesión plenaria do 03/02/2021 por unanimidade dos membros presentes remitíndose á grabación da sesión.



CONCELLO DE ARANGA

2.- DECRETOS, BANDOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.-

Dáse conta dos Decretos, Bandos e resolucións da alcaldía ditados dende a convocatoria da última sesión ordinaria, concretamente os comprendidos entre os números 2021/G003/000001 ata o 2021/G003/000055 ambos incluídos .

Todos os membros do pleno quedan enterados do contido dos decretos, sen formular ningunha observación.

3.-DACIÓN EN CONTA DOS INFORMES DE INTERVENCIÓN REMITIDOS : DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO CUARTO TRIMESTRE DE 2020, DO PMP DO CUARTO TRIMESTRE, DOS TIPOS IMPOSITIVOS APLICABLES EN 2021, DO INFORME DE MOROSIDADE DE 2020 E DA CERTIFICACION DA BONNIFICACIÓN DAS COOPERATIVAS.

Dáse conta aos membros do pleno municipal da remisión dos seguintes informes, nas datas que se indican, á Subdirección Xeral de Financiación Autonómica e Local, a través da Oficina Virtual de Coordinación Financieira coas Entidades Locais do Ministerio de Economía e Facenda:

- 29/01/2021: Remisión dos datos De execución do orzamento e estados financeiros do cuarto trimestre de 2020 do que se deduce o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra do gasto.


- 29/01/2021: Remisión dos datos do informe de Periodo Medio de Pago-Morosidade do cuarto trimestre de 2020.

- 01/02/2021: Remisión do informe de Morosidade do ano 2020.

-08/02/2021: Da remisión dos datos dos tipos impositivos a aplicar no 2021 que non sufren modificación respecto dos do ano anterior.

-09/02/2021: Da remisión da certificación das Compensacións do IAE que afectan as cooperativas.

Os asistentes ao pleno Municipal quedan enterados do contido dos informes, sen formular observacións.



CONCELLO DE ARANGA

4.- DACIÓN EN CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE ARANGA PARA A CLASIFICACIÓN DO SOLO URBANIZABLE E ORDEACIÓN DETALLADA DO SECTOR I3.

De seguido dáse conta da orde de aprobación definitiva da modificación puntual do PXOM do concello de Aranga para a clasificación de solo urbanizable industrial coa ordeación detallada dun Sector do SUND I3, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda con data 10/02/2021.

Queda pendente a inscrición que levará a cabo de oficio a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia e a posterior publicación por parte do concello da normativa e ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia .

Os membros do pleno municipal quedan enterados do contido desta resolución.

5.- DACIÓN EN CONTA DA SENTENZA 23/11/2020 NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 000006/2020.


Dáse conta da sentenza de data 23 de novembro de 2021 , con carácter de firme ditada en procedemento ordinario 000006/2020 interposto fronte a resolución de 12 de novembro de 2019 da Xunta de Goberno Local denegando o recurso de reposición de Jorge Fernández López contra o acordo 19/09/2019 denegando a solicitude de licenza de segregación de parcelas. O fallo da sentenza desestima o recurso contencioso interposto impoñendo as costas ao demandante.

O pleno municipal queda enterado do contido da sentenza.

6. RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

De seguido dáse conta das seguintes Resolucións da alcaldía :

- Resolución 2021/G003/000051.ASUNTO: DECRETO DE SOLICITUDE DE AXUDA FONDO COMPENSACION AMBIENTAL 2021 NO COMPETITIVA EXPEDIENTE:2021/G003/000051 ANTECEDENTES: Logo de ver a Orde do 30 de decembro de 2020 da convocatoria de subvencións na liña de concorrencia no competitiva e na liña de concorrencia competitiva do Fondo de Compensacion Ambiental para o ano 2021, de forma individual o polo sistema de xestión compartida, na que se asina a este concello o importe de 36.788,53 €. No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO: Primeiro: Solicitar, ao




CONCELLO DE ARANGA

abeiro da Orde do 30 de decembro de 2020 que regula os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria das subvencións do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, unha subvención na liña de concorrencia non competitiva de forma individual, para o proxecto denominado “ Adquisición de vehículo Todoterreno Pick-up” destinado ao servizo de protección do medio ambiente e do espazo natural cun orzamento total de 36.788,53 €, integrado pola seguinte actuación: DENOMINACIÓN ACTUACION ORZAMENTO TIPO DE GASTO Adquisición vehículo todoterreno tipo pick-up 36.788,53 investimento Segundo: Os gastos de funcionamento para os cales solicitase a subvención están vinculados ao funcionamento dos servizos que teñen asinadas as funcións de protección do medio ambiente e espazo natural. Terceiro: Aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde do 30 de decembro de 2020. Cuarto: Dar conta ao pleno municipal, na próxima sesión ordinaria, do contido desta resolución a efectos da súa ratificación. En Aranga, mércores 17 de febreiro de 2021 O Alcalde/Presidente Alberto Platas Álvarez”.

-RESOLUCIÓN 2021/G003/000052.ASUNTO: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA CREACIÓN, MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VINCULADAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS (PARQUES INFANTIS DE ARANGA E CASTELLANA) EXPEDIENTE:2021/G003/000052 ANTECEDENTES: Logo de ver a orde do 30 de decembro de 2020 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, que establece as bases reguladoras e convoca as subvencións para creación e/ou mellora das infraestructuras , dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais destinados aos concellos de Galicia para o ano 2021. No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO: Primeiro : Solicitar á Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo unha subvención ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora de infraestructuras, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais destinadas a concellos de Galicia para o ano 2021, de forma individual o mediante sistema de xestión compartida, para o proxecto denominado “Mellora e acondicionamento dos parques infantís do colexio de A Castellana e de Ponte-Aranga” cun orzamento total de 48.000,00 € (IVE incluído), aceptando expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na orde. Segundo: Declarar expresamente que este concello, dentro do prazo de presentación de solicitudes , posúe a plena dispoñibilidade sobre os terreos ou predios onde se pretende realizar as actuacións que integran o proxecto para o cal solicita a subvención. Terceiro: Que os dereitos recoñecidos netos dos capítulos I,II e III do estado de ingresos do

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

orçamento liquidado do concello do ano 2019 ascenden á cantidade de 771.449,93 €. Cuarto: dar traslado desta resolución ao pleno municipal na próxima sesión ordinaria que celebre a efectos da súa ratificación. En Aranga, mércores 17 de febreiro de 2021 O Alcalde/Presidente Alberto Platas Álvarez.”

Trala lectura pide a palabra Sandra Pena Barbeito e pregunta que si a solicitude do Fondo de Compensación Ambiental ten que ter un fin concreto e si é necesaria a adquisición de vehículo. O alcalde contestalle que efectivamente a adquisición do vehículo é necesaria. A Axuda do Fondo de compensación Ambiental outorgase pola Xunta de Galicia polo canon eólico que pode ir destinada a diferentes finalidades pero sempre orientadas ao medio ambiente. Inclúe a adquisición de vehículos e considerámolo necesario a efectos de evitar ter que alquilar todos os anos un vehículo para os peóns que traballan na protección ambiental e de zoas naturais.

Sandra Pena manifesta que o seu grupo non discute a necesidade do vehículo pero vaise abster na votación porque considera que se poderían estudar outros investimentos necesarios.

As resolucións da alcaldía quedan ratificadas por cinco votos a favor e catro abstencións dos integrantes do grupo da oposición.

MOCIÓNS DE URXENCIA


Terminadoo exame dos asuntos incluídos na Orde do día, o alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do pleno, por razóns de urxencia, algún asunto no comprendido na orde do día e que non teña cabida no turno de rogos e preguntas, de conformidade co artigo 91.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro.

Non se presenta ningunha.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Pide a palabra Sandra Pena Barbeito, e fomula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Teñen presentado un escrito con data 17/02/2021 no que solicitan “se proceda a rebaixar nun mínimo do 50% , ou no seu caso , suprimir, o importe establecido nas taxas e impostos municipais para auga e alcantarillado así como a recollida do lixo do 2021, para todos aqueles



CONCELLO DE ARANGA

autónomos e microempresas do concello , en especial do sector da hostelería pero tamen doutros sectores, teñan acreditado que a súa actividade e ingresos se viron reducidos por mor da covid-19".Quere saber si se vai a estudar a viabilidade da súa proposta.

O alcalde contestalle que o seu grupo o tiña pensado pero agradecelles a súa petición. Temos incluso falado coa Xunta de Galicia que ten pensado presentar un plan simiar ao pel reactiva da Deputación. Estamos actualmente na fase de elaboración dos orzamentos e preveemos incluír algún tipo de axuda.

Contestalle Sandra Pena que enton dan por atendida a súa proposta.

2º.- Reiteramos un tema que xa plantexamos noutras sesións plenarias: a situación dos camiños como consecuencia da saca de madeira. Recibimos moitas queixas ao respecto. Por eso pedimos que sexa máis estricto á hora de comprobar se se estan cumprindo as condicións, antes de devolver as fianzas depositadas e poder existir reparacións.


O alcalde contestalle que como xa se dixo, o concelleiro de obras xa ten ido a cada sitio a comprobar os maderistas responsables das cortas e a situación na que quedan os camiños. E se teñen identificado o 85% dos maderistas.Tendo en conta as condicións climatolóxicas sería tirar o diñero existir a reparación agora pero teñen asumido o compromiso de que, transcurridas dúas semanas de seca, procederán ao arranxo.

Ademáis, continúa decindo o alcalde, que tamen se teñen iniciado expedientes sancionadores contra maderistas reincidentes.

Sandra Pena dille que sabe que non é un tema fácil pero que van a esta encima porque entenden que o que estropea camiños e pistas cos desbroces ten a responsabilidade de reparalos.

3º. Quere deixar constancia dos danos causados polos temporais en Cambás, concretamente no camiño que vai cara a Costeiras onde esta a cooperativa, no que caeu a barandilla ao igual que pasu na ponte que hai no camiño de acceso a Monfero.

O alcalde contestalle que xa teñen coñecemento destas situación e temos pedido orzamentos aos contratistas da zoa para poder arranxalos. Somos conscentes.



CONCELLO DE ARANGA

4º.-Temos recibido queixas polos ruidos e vibracións de voladuras na cantera de Montesalgueiro. Sabemos que houbo unha reunión co alcalde e os veciños están pendentes dunha resposta por parte da canteira e do concello. Pregunta se se ten avanzado algo.

O alcalde contestalle que efectivamente que os veciños viñeron ao concello a dar as queixas. Xuntei as dúas partes: os veciños e a Canteira. Vimos danos producidos e comprometeronse a adoptar medidas para evitalos. Van poñer unha pantalla protectora paralela á Nacional VI para evitar ruidos e vibracións. Xa teñen solicitado permiso a Fomento e pretenden colocalo no verano. Dende entón non teño recibido máis queixas dos veciños, que están en contacto coa canteira. Me consta que están informados .

5º.- Dí Sandra Pena que se tiña iniciado un expediente de recuperación de camiño en Cazuin pero que a o día de hoxe seguen a ter colocadas as pedras.

O alcalde contestalle que efectivamente, o concello retirou as pedras e as volveron a colocar. Estivemos estes días revisando os expedientes dos veciños de Feás e dedicimos iniciar un expediente de investigación e recuperación de oficio do uso do camiño.


6º.- En relación co estado no que se atopa a carretera de Curtis, á altura de Torrelavandeira y limitando con Curtis, quere saber se o concello pode facer algo ao respecto aínda que a carretera non é municipal.

O alcalde contestalle que fai meses falou co Jefe de Carreteras sobre deste tema. Se lo ensinamos in situ e contestaronme que o ían incluír nun plan de conservación da carretera. Osea que o tema falado está sen prexuízo de que poidamos insistir.

Sandra Pena dílle que insista porque dada a situación do firme pode pasar algo . É unha situación que xera perigo e o concello debe velar polo benestar dos seus veciños.

O alcalde confirmalle que insistirá novamente.

7º Solicita que se estude a viabilidade de incluír a pista dende a antiga consulta de Mosquera ata Regueiral pola parte de arriba.



CONCELLO DE ARANGA

O alcalde contestalle que en constancia da súa necesidade e se incluírá nun proximo proxecto de recuperación de camiños.

8º.- Pregunta como esta o tema do caixeiro automático.

O alcalde contestalle que o temos solicitado . O estan executando a prazos e creemos que no seguinte irá Aranga. Pero non hai polo momento resolución expresa.

9º. Pregunta cando empezarán a funcionar a casa niño e casa do maior, ralentizadas pola pandemia.

Contestalle o alcalde que a casa niño esta funcionando dende o 18 de xaneiro, con cinco nenos. A casa de maior aínda non.


10º.- Queremos información sobre cal foi o papel do concello no tema do xuicio plantexado polo informático. Extrañanos que non viñera na orde do día.

O alcalde dille que aínda non saleu a sentenza pero o papel do concello foi nulo. Traspapelouse o documento da citación e cando o atopamos, xa se tiña celebrado o xuicio. Estamos pendentes da sentenza e nos plantearemos no seu caso recurrida, para poder defender a nosa postura.

Sandra Pena di que lle parece estrambótico que se traspapelase . Supón que o responsable xa o estará pasando mal pero é increíble. En todo caso xa saben cal e a postura do seu grupo ao respecto.

11º. Di que xa que estamos a realizar os plenos telemáticos e que os plenos son públicos, debería habilitarse a maneria de que poidan presenciais os veciños do concello, via streamin , polo que propón que para futuros plenos así se faga.

O alcade contestalle que estamos utilizando o sistema que nos facilitou a Deputación pero non teño ningún problema en buscar a maneira de que sexan públicos. Intentaremos encontrar a maneira de facelo.



CONCELLO DE ARANGA

Ás 14:05 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Aranga, luns 1 de marzo de 2021

A secretaria, Ana María Ocampo Pérez-Gorostiaga

O alcalde, Alberto Platas Álvarez